

Exp: 44/82

FD: 645

36

PROVINCIA: LUGO	MUNICIPIO: LUGO
-----------------	-----------------

Nº 50.000: 73

Nº Route: 19

CARPETA-FICHA DEL MONTE:

" DE RUBIÁS "

COMUNIDAD PROPIETARIA

V^s:

RUBIÁS (P ^a)

CLAVE DEL MONTE

PROVINCIA	MUNICIPIO	COMUNIDAD PROPIETARIA	MONTE
LU	28	50.	1

SUPERFICIE

HECTAREAS
125

F

JURADO PROVINCIAL
DE
MONTES VECINALES EN MANO COMÚN
LUGO

En la Ciudad de Lugo, a doce de Septiembre de mil novecientos ochenta y tres, reunido el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordó la clasificación como tal del monte - denominado "DE RUBIAS", a tenor de la siguiente Resolución:

Visto en el día de la fecha el expediente de clasificación del monte "DE RUBIAS", expediente 44/82, ubicado en el término municipal de Lugo, promovido a instancias de la Administración Forestal y

RESULTANDO: que el 22 de Noviembre de 1.982, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común acordó la iniciación y tramitación del expediente de clasificación del monte "DE RUBIAS", designando como Instructor al Vocal D. - Manuel Martínez Garrido,

RESULTANDO: que el 3 de Diciembre de 1.982, se dictó Providencia por la que se daba comienzo al expediente 44/82, poniendo por cabeza del mismo copia del Acuerdo del Jurado Provincial y la documentación presentada,

RESULTANDO: que el 3 de Diciembre de 1.982, se dictó Providencia, en relación con el monte "DE RUBIAS", para que se requiriese al Ayuntamiento de Lugo para que remitiese:

- a) Certificación de su posible inscripción en el Registro de la Propiedad,
- b) Certificación de su posible inclusión en el Inventario de Bienes Municipales y
- c) Certificación de su posible Consorcio con la Administración Forestal, para su repoblación,

RESULTANDO: que el 3 de Diciembre de 1.982, se acordó recabar del ICONA Certificación relativa a si el monte "DE RUBIAS" figuraba en el Catálogo - de los de Utilidad Pública de la Provincia de Lugo,

RESULTANDO: que el 3 de Diciembre de 1.982, se remitió Edicto al Ayuntamiento de Lugo, poniendo en conocimiento de todos los interesados la incoación del expediente de clasificación, a fin de que pudieran comparecer e intervenir en él, en defensa de sus derechos e intereses,

RESULTANDO: que el 10 de Diciembre de 1.982, se recibió Certificación del ICONA señalando que el monte no figura incluido en el Catálogo de los de Utilidad Pública de la Provincia de Lugo,

RESULTANDO: que el 30 de Diciembre de 1.982, se recibió Certificación del Ayuntamiento de Lugo, haciendo constar que el Edicto estuvo expuesto al público durante un plazo de quince días,

RESULTANDO: que el 17 de Marzo de 1.983, se recibió Certificación del Ayuntamiento de Lugo dando cuenta que en el Inventario de Bienes Municipales figura la finca "Rubias", de 450 m/2., destinada para la construcción de un local escuela y que la misma no figura inscrita a su favor en el Registro de la Propiedad,

RESULTANDO: que durante la tramitación del expediente no se recibieron reclamaciones,

RESULTANDO: que en el expediente de investigación previa, unido con - cuerda floja, se afirma que el monte es aprovechado por los vecinos de la parro-

quia, pública y pacíficamente, en concepto de dueños, en régimen de comunidad de tipo germánico, habiéndose llevado a cabo tales aprovechamientos de forma mancomunada,

RESULTANDO: Que en la citada investigación previa, los vecinos interesados no hicieron manifestación alguna,

RESULTANDO: Que en su Propuesta, el Vocal Instructor afirma que el monte está abierto y viene siendo aprovechado comunalmente y de forma indivisa por los vecinos de la parroquia de Rubiás, por su condición de tales,

RESULTANDO: Que en la instrucción del expediente se han cumplido - los trámites y formalidades que establece la Ley de Montes Vecinales en Mano Común y su Reglamento, así como la Ley de Procedimiento Administrativo, -

Vistas las citadas Leyes y Reglamento y disposiciones de pertinente aplicación,

CONSIDERANDO: Que el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común tiene competencia y jurisdicción para conocer el expediente promovido - por la Administración Forestal, con capacidad y legitimación para ello,

este Jurado Provincial, a la vista de los antecedentes y consideraciones reseñadas, acuerda:

1º.- CLASIFICAR como en mano común el monte de las siguientes características:

Nombre: "DE RUBIAS".

Superficie: 125 Hás.

Pertenencia: Vecinos de la Parroquia de Rubiás.

Parroquia: Rubiás.

Término municipal: Lugo.

2º.- Que se remita Certificación de esta Resolución al Sr. Registrador de la Propiedad, para la inscripción del monte a nombre de la Comunidad titular del mismo, a tenor de lo dispuesto en el Artículo 30.a del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común.

The bottom of the document features several handwritten signatures and stamps. On the left, there is a large, stylized signature that appears to read 'Luis de Pulido'. To its right, there is another signature that looks like 'Luis de Pulido'. Below these, there is a large, bold signature that reads 'Luis de Pulido'. To the right of this, there is a signature that reads 'Luis de Pulido'. At the bottom right, there is a signature that reads 'Luis de Pulido'. There are also some circular stamps and other markings scattered around the signatures.

CLAVE DEL MONTE

Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N.º monte
LU	28	50	1

3.- ESTADO FISICO

Ref.* Índice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Estos montes de la parroquia de RUBIAS están formados por varias parcelas, separadas entre sí por fincas particulares; varias de ellas situadas al SE. de A ldea de Abajo, y la principal en el extremo NE del término parroquial, formado por laderas que suben hacia el N. hasta la divisoria de Penalba con los montes del mismo nombre de la parroquia de Teixeira.

El terreno, aunque accientado, es de suves pendientes; las altitudes oscilan entre los 480 y 543 m.

Tienen acceso por caminos y pistas de servicio desde la carretera C-630 de Lugo a Ribadeo.

3.2 SUPERFICIE.


En conjunto, 125 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.

3.3 LINDEROS.

Los del término parroquial son:

- N.- Términos y montes de la parroquia de Teixeira.
- E.- Términos y montes de la parroquia de Labio.
- S.- Términos y montes de la parroquia de Pedreda.
- O.- Términos de las parroquias de Muxa-Santa María y de Benade.

Ítem	CLAVE DEL MONTE	Prov. *	Munic. *	Comunidad Prop. *	N.º monte
		LU	28	50	1
3.4	DESCRIPCION DEL PERIMETRO. Los únicos límites destacables en el límite de estos montes de la parroquia de RUDIAS son: - Por el N. dividen con monte "Penalba" de la parroquia de Toxeiro según una línea de peñas que desde Rego Ferreiro cruza hacia el O. arroyo de Castro y sigue hacia el E. en dirección a Penalba. - Por el E. dividen con monte de Labio bajando desde la divisoria anterior hacia el S. según el camino viejo de Teixeira a Vilachá.				
3.5	OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES El límite de estos montes de la parroquia de RUDIAS con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que algunas de éstas ocupan antiguos terrenos del monte comunal; en consecuencia, se ha llegado con el límite de éste hasta donde hay seguridad o duda razonable de que pueda pertenecer al mismo. En el caso de que estos montes fueran calificados como vecinales en mano común, tal vez resulte necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares siguiendo los mismos criterios que en tal calificación.				



DON LUIS QUIROGA ARNAL, XEFE DO SERVIZO TÉCNICO-XURÍDICO DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, SECRETARIO DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE LUGO,

C E R T I F I C A :

Que na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do **catorce de decembro de mil novecentos noventa e nove**, figura o acordo seguinte:

<< 6º.- Asuntos varios:

(...)

d) Montes: " ARCO DE SANTA MARIÑA e PENALBA " (expediente 46/1980) e " DE RUBIÁS " (expediente 44/1982), ubicados respectivamente nas parroquias de TEIXEIRO e RUBIÁS, concello de LUGO. Examinada a copia do Xurado de Expropiación - facilitada pola Xerencia Territorial do Catastro -, fixando o xusto precio dos terreos expropiados polo concello de LUGO para vertedoiro municipal. O Xurado ACORDA por unanimidade deduci-la superficie expropiada a cada unha das comunidades: 11,688 hectáreas no primeiro e 7,100 no segundo. >>

(...)


E para que conste, para a súa incorporación ó expediente nº 46/80, expido a presente co V. e Pr. do Sr. Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente, Presidente do Xurado, en Lugo, a dezasete de xullo do dous mil. -----


V. e Pr.

O DELEGADO PROVINCIAL-PRESIDENTE DO XURADO,



Asdo: Luis González Vázquez.





623.944,6

624.500



DONA LUCÍA BELVER QUIROGA, SECRETARIA DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN,

CERTIFICA:

Que na sesión celebrada polo Xurado Provincial con data 19 de xuño de 2013, figura o acordo seguinte:

<< 3. Varios:

- c) Monte **DE RUBIÁS** (expediente 44/82), pertencente aos veciños da parroquia de **RUBIÁS**, no termo municipal de **LUGO**, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 12 de xullo de 1982. Con data 1 de xaneiro de 2013 ten entrada copia autenticada de sentenza firme ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 3 de Lugo, con data 19 de decembro de 2012, recaída no Xuízo Ordinario nº 925-12, na que, estimando a demanda interposta, declárase: << (...) que la finca descrita en el hecho primero de la demanda, que se corresponde con la parcela catastral 69 del polígono 387 del Ayuntamiento de Lugo según el Catastro de Rústica, pertenece en plena propiedad al actor, condenando a la demandada a estar y pasar por tal pronunciamiento (...) >>. Dado traslado da documentación ao Servizo de Montes, con data 8 de marzo de 2013, recíbese nota interior, na que se especifica que, o monte **DE RUBIÁS**, despois desta sentenza, queda cunha superficie de 109 hectáreas, 24 áreas e 10 centiáreas. Xúntase esbozo coa situación actual do monte veciñal. Examinada a devandita sentenza, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA**, dar cumprimento ao establecido na mesma, procedendo ás correccións oportunas, coa incorporación do plano referido ao expediente de clasificación.

(...) >>


E para que conste, para a súa remisión a **parte interesada**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da **ACTA** da sesión á que se fai referencia, expido a presente co V. e Pr. do Sr. Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural, Presidente do Xurado, en Lugo, a 28 de xuño de 2013.

Vº e Pr.

**O XEFE TERRITORIAL
PRESIDENTE DO XURADO,**


José Ramón Losada Fernández.







XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 14/2016

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

Dna. Mª Olga Iglesias Fontal

VOGAIS:

D. Carlos Vázquez Díaz

Dna. Josefina Pereira de la Riera

D. Antonio José López-Acuña Herrero

SECRETARIA:

Dna. Lucía Belver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día **13 de decembro de 2017**, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN**: Visto no día da data o expediente número 14/2016 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte de **RUBIÁS (AMPLIACION)**, no concello de **LUGO**, iniciado por acordo do xurado do 18 de novembro de 2016, sendo vogal instrutora **DNA. LUCÍA BELVER QUIROGA**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Na sesión do 18-11-2016 o xurado acorda a iniciación do expediente 14/2016 a petición de Jesús Arias Veiga, presidente da comunidade de **Rubiás**, propietaria do **MVMC Rubiás**. Na mesma sesión, Ramón Rozadillas Valverde é nomeado como instrutor do expediente, que acepta o cargo o 22-11-2016.

SEGUNDO: O día 25-5-2016 solicítase ao Servizo de Montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no Catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

TERCEIRO: O día 5-7-2016 recíbese un certificado do Servizo de montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, no que consta que o monte **RUBIÁS-ampliación** non figura incluído no Catálogo de Utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

CUARTO: O día 29-5-2017 solicítanselle os seguintes documentos ao **Rexistro da Propiedade número 1 de Lugo**:

- Certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos
- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: O día 29-6-2017 comunícaselle a Jesús Arias Veigaz, solicitante da clasificación, o acordo do 21-6-2017 polo que o xurado nomea como instrutora do expediente a Lucía Belver Quiroga e amplía o prazo para resolver.



SEXTO: O día 18-7-2017 recíbese unha comunicación do rexistro da propiedade na que fai constar que hai predios rexistrados a nome de Antonio Teijeiro Peña, sen especificar que coincidan con terreos propostos na ampliación do monte veciñal.

SÉTIMO: O día 27-7-2017 comunícaselle a iniciación do expediente ao **Servizo de Montes**, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural.

OITAVO: O día 28-7-2017 comunícaselle ao **Concello de Lugo** a iniciación do expediente e envíasele un **edicto** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o monte.

NOVENO: O día 28-7-2017 comunícase a iniciación do expediente a Jesús Arias Veiga, como presidente da xunta reitora da comunidade de Rubiás.

DÉCIMO: O día 28-7-2017 comunícase a iniciación do expediente aos interesados relacionados na táboa por figurar como titulares de parcelas que están afectadas pola ampliación ou que puideran estalo:

Titular catastral	Referencia da parcela
José Sanfiz Romay	- Parcela 156 – polígono 838 - Parcelas 12 – polígono 388
Manuel Teijeiro Rodríguez	Parcela 9 – polígono 388
José Mouriz Ruíz	Parcela 168 – polígono 383
Ángel Lugilde Silva	Parcela 171 – polígono 384
Herdeiros de José Abelaira González	Parcela 13 – polígono 388
Antonio Teijeiro Peña	- Parcela 55 – polígono 388 - Parcela 8 – polígono 388 - Predio <i>Cal de Leiras</i>, nº 113649 do Rexistro da Propiedade nº1 Lugo - Predio <i>Agra de Leiras</i>, nº 113651 do Rexistro da Propiedade nº1 Lugo
Concello de Lugo	- Parcela 9003 – polígono 384 e 388 - Parcela 9001 – polígono 383 - Parcela 9005 – polígono 382

DÉCIMO PRIMEIRO: O día 28-7-2017 comunícase a iniciación do expediente ao **Rexistro da Propiedade nº 1 de Lugo** e solicítase a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

DÉCIMO SEGUNDO: O día 11-8-2017 aparece publicado no DOG número 153 o anuncio da iniciación do expediente de clasificación do monte **RUBIÁS-ampliación**

DÉCIMO TERCEIRO: O día 16-8-2017 aparece publicado no BOE número 195.

DÉCIMO CUARTO: O 23-8-2017 recíbese unha notificación do Rexistro da Propiedade nº 1 de Lugo da suspensión da anotación solicitada debido a que non é posible efectuar unha cualificación adecuada das parcelas.

DÉCIMO QUINTO: O 10-8-2017 é presentado un escrito asinado por Antonio Teijeiro Peña, en relación coas parcelas catastrais 8, 54 e 55 do polígono 388 e alega que xa figuraban no caderno de partición de 1951 dos seus avós e que el as adquire mediante aceptación de herdanza en 2003. Así mesmo, alega que as parcelas catastrais 246 e 248 do polígono 381 de Lugo son as denominadas *Cal de Leiras* e *Agra de leiras*, respectivamente, que figuran inscritas no Rexistro da Propiedade de Lugo e que



foron adquiridas mediante compravenda en 2007 segundo escritura pública notarial que aporta. Manifesta a súa oposición a que a ampliación do MVMC integre os devanditos predios.

DÉCIMO SEXTO: O 10-8-2017 ten entrada un escrito de alegacións asinado por José Sanfiz Romay, en relación coa parcela catastral 156-polígono 383 e 12-polígono 388 de Lugo. Fai constar que foron adquiridas polo seus antepasados en 1887 e 1960, respectivamente e solicita que sexan excluídas da proposta de ampliación de MVMC de Rubiás. Aporta escrituras de compra-venda de 1887 e 1960 así como documento notarial de adxudicación de bens do ano 2012.

DÉCIMO SÉTIMO: O 29-8-2017 é presentado un escrito asinado por Manuel Teijeiro Rodríguez en relación co parcela catastral 9 do polígono 388 de Lugo e alega que é de titularidade particular e que está delimitada por muro de pedra. Aporta documento de aceptación de herdanza do ano 2012.

DÉCIMO OITAVO: O 1-9-2017, ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, é presentado un escrito de alegacións por Ángel Lugilde Silva. Alega que a parcela 171-polígono 384 de Lugo está perfectamente delimitada no catastro e que na solicitude de ampliación do monte veciñal hai un erro na medición, ao non ter en conta o muro que separa a dita parcela da estremeira. Achega certificación catastral da parcela.

DÉCIMO NOVENO: O 4-9-2017 ten entrada un informe do Negociado de Patrimonio do Concello de Lugo no que fai constar que as parcelas 9003-polígono 384 e 388, 9001-polígono 383 e 9005-polígono 382 forman parte da rede de camiños públicos do concello de Lugo e deben manter a titularidade municipal que figura no Catastro. Así mesmo, alegan que as parcelas 165 e 166 do polígono 383, afectadas pola proposta de ampliación, son de titularidade municipal e así deben permanecer.

VIXÉSIMO: O 4-9-2017 é presentado un escrito de alegacións asinado por José Mouriz Ruiz en relación coa parcela 168-polígono 383 de Lugo. Expón que el é o propietario e achega documento notarial de adxudicación de herdanza do ano 2007.

VIXÉSIMO PRIMEIRO: O 29-9-2017 ten entrada outro escrito de alegacións de Manuel Teijeiro Rodríguez no que expón que as parcelas catastrais 22-polígono 50 e 32-polígono 388 de Lugo tamén están afectadas polo MVMC de Rubián. Solicita que as parcelas non estean integradas no MVMC. Achega documento notarial de aceptación de herdanza na que inclúe a parcela 32-polígono 388, e título de concentración parcelaria relativo á parcela 22-polígono 50.

VIXÉSIMO SEGUNDO: O día 29-9-2017 ten entrada unha comunicación do Concello de Lugo de que o edicto estivo exposto no taboleiro de anuncios do 3-8-2017 ao 15-9-2017.

VIXÉSIMO TERCEIRO: O día 31-10-2017 comunícaselle a Jesús Arias Veiga o dereito da comunidade á elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz pero sen voto) á reunión do xurado na que se estude o expediente do monte **RUBIÁS-ampliación**.

VIXÉSIMO CUARTO: O 13-11-2017 ten entrada a comunicación sobre quen serán os vogais representantes da comunidade de Rubiás na reunión do xurado. Resultaron elixidos: José Mouriz Ruíz e José Abelaira Casás.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
2. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non



como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.

3. Examinada a documentación do presente expediente, e tendo en conta as alegacións presentadas, realízanse as seguintes consideracións:

- Con respecto ás alegacións presentadas por **Antonio Teijeiro Peña**; as **parcelas 8 e 55 do polígono 388**, figuran catastralmente ao seu nome, e manifesta expresamente a súa oposición á clasificación, en base á documentación que invoca. Estas parcelas estarían afectadas só parcialmente e, desde o Servizo de Montes, considérase (igual que nas outras parcelas parcialmente afectadas de outros reclamantes), que poderían concretarse os seus límites nun ulterior expediente de deslindamento. A estes efectos hai que ter en conta o disposto no artigo 3.3. do Real Decreto Legislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario: *"Salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos."* Tal presunción non resulta destruída pola comunidade solicitante da ampliación. A **parcela 54 do mesmo polígono e a finca 21** que menciona situada na parroquia de San Pedro de Labio, **non foron obxecto do presente expediente** de ampliación da clasificación, xa constando dentro da superficie clasificada.

- Con respecto ás alegacións de **José Sanfiz Romay**, tanto a **parcela 156 do polígono 383 como a parcela 12 do polígono 388**, atópanse na mesma situación descrita anteriormente, polo que hai que estar ao disposto no devandito artigo 3.3 do Real Decreto Legislativo 1/2004, do 5 de marzo, cuxa presunción non é destruída pola solicitante.

- As alegacións de **Manuel Teijeiro Rodríguez**, fan referencia á **parcela 9 do polígono 388**, igualmente afectada pola solicitude de ampliación parcialmente, e opoñéndose á súa clasificación, estando tamén catastrada ao seu nome, polo que se está ao disposto no mesmo artigo 3.3 do Real Decreto Legislativo 1/2004, do 5 de marzo, cuxa presunción non resulta destruída pola comunidade solicitante. As **parcelas catastrais 22 do polígono 501 e 32 do polígono 388 non foron obxecto do presente expediente** de ampliación da clasificación, xa constando dentro da superficie clasificada.

- O **concello de Lugo**, presenta oposición á clasificación dos camiños públicos con referencias catastrais **9001 do polígono 383, 9003 do polígono 384, 9003 do polígono 388 e 9005 do polígono 382**, así como ás **parcelas 165 e 166 do polígono 383**, que son bens comunais de titularidade municipal. Poren, a parcela 166 e a meirande parte da 165 non son obxecto do presente expediente de ampliación, e conséntase que xa figuraban dentro da superficie clasificada.

Ademais, e no relativo a esta última, con moi pouca afectación na revisión proposta, o Concello non manifesta nin acredita que conste no seu inventario de bens e o certo é que no Catastro Inmobiliario tampouco aparece a entidade local como tal como propietaria do terreo, senón que se alude a un terreo de monte de natureza comunal de veciños, que ben pode corresponder coa natureza veciñal en man común coincidente coa clasificación que a meirande parte da dita parcela xa ten.

Todo elo sen prexuízo da acción reivindicatoria que o Concello puidera decidir emprender no relativo a esa parcela, e que xa tería base (no caso de que o estimasen así) desde o momento actual e sen influír para nada o feito de que a totalidade da parcela quede dentro do esbozo (por canto xa está agora case na súa totalidade).

- **Ángel Lugilde Silva**, reclama como titular catastral a **parcela 171 do polígono 384** (tamén parcialmente afectada) e manifesta estar perfectamente delimitada, polo que cabe estar ao disposto no artigo 3.3 do Real Decreto Legislativo 1/2004, do 5 de marzo.

- Finalmente **José Mouriz Ruíz**, amósase como propietario da **parcela 168 do polígono 383**, tamén parcialmente incluída e da súa titularidade catastral e, polo tanto, amparada pola presunción do artigo 3.3 da Lei do Catastro, non destruída pola solicitante.

- En todos os casos expostos, coa observación feita polo Servizo de Montes, con respecto ao resultado do posible deslindamento que se realice posteriormente, axustarase a clasificación aos límites catastrais, descontando as parcelas anteriores da superficie a clasificar.



- Con respecto ás restantes superficies, posto que non constan alegacións en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudo previo, realizado polo Servizo de Montes coa elaboración da carpeta-ficha.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

Nome: Rubiás (ampliación)
Pertenza: Veciños da parroquia de Rubiás
Parroquia: Rubiás
Concello: Lugo
Superficie: 7 hectáreas

Parcelas clasificadas e estremas:

Polígono 383, parcialmente a parcela 165

Linde	Polígono	Parcela
Norte	383	165
Leste	383	156
Sur	383	9001 (camiño)
Oeste	383	168

Polígono 388, parcialmente as parcelas 6, 7 e 13


Linde	Polígono	Parcela
Norte	382	9005 (camiño)
	383	168, 165, 156 e 159
Leste	501	23
Sur	388	32 e 7
Oeste	384	171 e 9003
	388	55 e 9

Polígono 388 – parcela 56 e parcialmente as parcelas 11 e 13


Norte	388	11
Leste	388	8
Sur	388	12, 13 e 9003 (camiño)
Oeste	384	9003 (camiño)
	388	56 e 9003 (camiño)

Tendo en conta esta ampliación, o MVMC da comunidade de Bóveda conta cunha superficie de **116 hectáreas**.

Lugo, 13 de decembro de 2017



 XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Xefatura Territorial de Lugo Servizo de Montes		
Ampliación de clasificación do monte veciñal en man común de Rubiás (exp 44/82)		Monte: Rubiás Pertenza: Parroquia de Rubiás Superficie previa: 109 ha Superficie proposta de ampliación: 7 ha Superficie proposta final: 116 ha	Expediente: 44/82	Municipio: Lugo
Escala: 1:5,000	Plano 3: Zona de ampliación (catastro)	Lugo, 24 de novembro de 2017 O Enxeñeiro de Montes  Santiago Fraga Sáenz		
Lenda:  monte_previo  ampliacion		Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89		



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Ampliación de clasificación do monte veciñal
en man común de Rubiás (exp 44/82)

Monte: Rubiás Expediente: 44/82
Pertenza: Parroquia de Rubiás
Superficie previa: 109 ha
Superficie proposta de ampliación: 7 ha
Superficie proposta final: 116 ha

Municipio: Lugo

Escala: 1:12,000

Plano 4: Situación monte ampliado

Lenda:

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89

monte_posterior

Lugo, 24 de novembro de 2017

O Enxeñeiro de Montes

Santiago Fraga Sáenz



Juan Carlos López Seijas, secretario en funcións do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **14 de xuño de 2018**, figura o seguinte acordo:

Monte DE RUBIÁS (expediente 44/82), pertencente aos veciños da parroquia de RUBIÁS, do termo municipal de LUGO, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 12 de xullo de 1982.

- Con data 8 de marzo de 2017, recíbese copia autenticada de sentenza firme ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 5 de Lugo, con data 11 de xaneiro de 2017, recaída no procedemento de xuízo verbal 938/2016-M, na que, estimando a demanda presentada declárase: << (...) que la finca descrita en el hecho 1º de la demanda, es de propiedad de Don Robustiano Rodríguez Veiga, sin que tenga la condición de monte vecinal en mano común del lugar de Rubiás (...) condeno a la CMVMC demandada a estar y pasar por tal declaración, y a consentir que tal finca sea excluída formalmente del monte vecinal en mano común de Rubiás (...) >>.

- Con data 20 de abril de 2017, recíbese copia autenticada de sentenza firme ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 3 de Lugo, con data 8 de febreiro de 2017, recaída no procedemento ordinario 963/2016-MA, na que, estimando a demanda presentada declárase: << (...) que la parcela 71 del polígono 837 (...) no pertenece a la CMVMC demandada sino que pertenece a los ahora demandantes con todo su arbolado y aprovechamientos inherentes (...) que se lleve a efecto la modificación en el Registro del Jurado Provincial de montes vecinales en mano común y la cartografía correspondiente (...) >>.


- Con data 26 de abril de 2017, recíbese copia autenticada de sentenza firme ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 3 de Lugo, con data 15 de febreiro de 2017, recaída no procedemento de xuízo verbal 1046/2016, na que, estimando a demanda presentada declárase: << (...) que la finca (...) registrada como parcela 34, polígono 38, conocida como "Monte Miao" (...) pertenece en plena propiedad a doña María Antonia Varela Trigo y a doña Herminia Trigo Barreira, sin que tenga la condición de monte vecinal en mano común del lugar de Rubiás (...) condeno a la comunidad de montes vecinales en mano común de Rubiás a estar y pasar por dicha declaración (...) >>.

Dado traslado da documentación ao Servizo de Montes, con data 15 de maio de 2018 emítese informe (nº. 30/17), especificando as modificacións resultantes, como consecuencia destas sentenzas quedando o monte DE RUBIÁS cunha superficie de 105,47 hectáreas (tendo en conta a superficie resultante do monte tras a ampliación obxecto do expediente 14/2016). Xúntase esbozo da situación actual do monte veciñal afectado.

Examinadas as devanditas sentenzas, o Xurado, por unanimidade, ACORDA dar cumprimento ao establecido nelas, procedendo ás correccións oportunas, coa incorporación do esbozo referido ao expediente de clasificación.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.





CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes



Modificación do monte veciñal en man común
"Rubiás" (expedientes: 44/82 e 14/2016),
como consecuencia de tres sentenzas

Monte: Rubiás Expedientes: 44/82 e 14/2016
Pertenza: C.M.V.M.C. de Rubiás Municipio: Lugo
Superficie previa: 114,91 ha
Superficie excluída: 9,44 ha
Superficie final: 105,47 ha

Escala: 1:12.000

Plano 3: Superficie excluída

Lenda:

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89

-  Superficie excluída
-  Clasificación MVMC Rubiás



Lugo, 15 de maio de 2018.

A enxeñeira de montes


Nuria García Buj



Juan Carlos López Seijas, secretario en funcións do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,


CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **14 de xuño de 2018**, figura o seguinte acordo:

*Monte DE RUBIÁS (expediente 44/82), pertencente aos veciños da parroquia de RUBIÁS, do concello de LUGO, clasificado polo Xurado con data 12 de setembro de 1983, e ampliado por resolución do 13 de decembro de 2017 (expediente 14/2016). Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012 de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na Disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17 de setembro de 2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. Con data 18 de maio de 2018, o Servizo de Montes, elabora unha proposta de novo esbozo para o monte ao constatar un solapamento con zonas de concentración parcelaria, adaptándoo ao perímetro do proceso de concentración, á expropiación do vertedoiro e, polo norte, á planimetría catastral. Tendo en conta o anterior, o monte DE RUBIÁS, queda cunha superficie de **89,965 hectáreas**, de conformidade coa nova cartografía. Examinada a devandita proposta, o Xurado, por unanimidade, ACORDA aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade co dito.*

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.







Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **27 de marzo de 2019**, figura o seguinte acordo:

Monte DE RUBIÁS (expedientes 44/82 e 14/2016), pertencente aos veciños da parroquia de RUBIÁS, do termo municipal de LUGO. O 20 de setembro de 2018 e 1 de outubro de 2018, recíbense copias autenticadas de sentenzas firmes ditadas polo Xulgado de 1ª Instancia nº 5 de Lugo, do 7 de xuño de 2018 ditada no procedemento de Xuízo Verbal 937/2017-S e do Xulgado de 1ª Instancia nº 3 de Lugo, do 11 de maio de 2018 ditada no procedemento de Xuízo Verbal 339/2018 respectivamente.


Na primeira, estimando a demanda presentada, declárase: << (...) que la finca descrita en el hecho primero del escrito de demanda "Monte Carriozas" (...) es de plena propiedad de María Antonia Varela Trigo y Herminia Trigo Barreira, sin que tenga la condición de Monte Vecinal en Mano Común del lugar de Rubiás (...) >>.

Na segunda sentenza, estimando a demanda presentada, declárase: << (...) Que Don Manuel Teijeiro Rodríguez es propietario en pleno dominio de las siguientes fincas, las cuales no tienen por tanto condición de Monte Vecinal en Mano Común: "Liñares" (...) siendo su referencia catastral 279000388000090000UY (...) "Alargo" (...) siendo su referencia catastral 279000388000320000UJ (...).

Dado traslado da documentación ao Servizo de Montes, o 5 de febreiro de 2019 emítese informe (núm. 76/18), especificando as modificacións resultantes, nos termos que no dito informe se describen, quedando o monte DE RUBIÁS cunha superficie de 88,50 hectáreas. Achégase esbozo da situación actual do monte veciñal afectado. Examinadas as devanditas sentenzas, o Xurado, por unanimidade, ACORDA dar cumprimento ao establecido nestas, e proceder ás correccións oportunas, coa incorporación do esbozo referido ao expediente de clasificación.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.







Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:


Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **27 de xullo de 2020**, figura o seguinte acordo:

Monte DE RUBIÁS (expedientes 44/82 e 14/2016), pertencente aos veciños da parroquia de RUBIÁS no termo municipal de LUGO. O 01.10.2018, recíbese copia autenticada de sentenza firme ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 4 de Lugo, o 20.06.2018, no procedemento de xuízo verbal 241/18, na que, estimando a demanda presentada, se declara que os predios denominados como “Liñares” ou “Monte Alargo”, parcela 8 do polígono 388, o predio de monte de “Alargo” ou “Xesteira de Liñares”, parcela 55 polígono 388, predio “Liñares” ou “Monte Alargo”, parcela 54 polígono 388, finca “Espido” parcela 21 do polígono 501, esta última rexistral número 74.155, son de plena propiedade de Antonio Teijeiro Peña e non forman parte do monte veciñal en man común do lugar de Rubiás. Dado traslado da documentación ao Servizo de Montes, emítese informe (núm. 2018_76bis), especificando as modificacións resultantes, nos termos que no dito informe se describen, quedando o monte DE RUBIÁS cunha **superficie de 84,50 hectáreas**. Achégase esbozo da situación actual do monte veciñal afectado.

Examinada a devandita sentenza, o Xurado, por unanimidade, acorda dar cumprimento ao establecido nesta, e proceder ás correccións oportunas, coa incorporación do esbozo referido ao expediente de clasificación.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.







**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes



Carpeta: Lugo_44/82_2018_76bis
Exclusión de predios por sentenza do monte
veciñal en man común de Rubiás (exp 44/82-
14/2016).

Monte: **Rubiás**
Pertenza **Parroquia de Rubiás**
Superficie previa **88,5 Ha**
Superficie posterior **84,5 Ha**

Municipio: **Lugo**

Escala: 1:5.000


Plano 3. Monte posterior

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89


 Monte_posterior

 Predios_excluidos

Visto e prace
O xefe de Servizo de Montes


Miguel A. Cela González

O xefe de área
Lugo, 27 de marzo de 2020


Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **27 de xullo de 2020**, figura o seguinte acordo:

Monte DE RUBIÁS (expedientes 44/82 e 14/2016), pertencente aos veciños da parroquia de RUBIÁS no termo municipal de LUGO. O 04.02.2019, recíbese copia autenticada de sentenza firme ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 5 de Lugo, o 05.12.2018, no procedemento de **xuízo verbal 608/2018**, na que, estimando a demanda presentada, se declara que os predios recollidos no feito primeiro da demanda e que se corresponden coas parcelas catastrais 156 e 167 do polígono 383 e as parcelas 22 e 55 do polígono 382, son propiedades privativas da parte actora. Ademais acorda o deslindamento das mesmas respecto do monte veciñal en man común, establecéndose como límites os que se recollen no plano nº1 e no informe pericial realizado pola enxeñeira técnica agrícola que acompaña á demanda.


O 25.10.2019, recíbese copia autenticada de sentenza firme ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 5 de Lugo, o 22.01.2018, no procedemento de **xuízo verbal 785/2018**, na que, estimando a demanda presentada, se declara que os predios indicados no feito primeiro da demanda, pertencen aos demandantes e non teñen a condición de monte veciñal de Rubiás e a demandada debe consentir que os predios sexan excluídos do monte en man común de Rubiás.

Dado traslado da documentación, das dúas sentenzas anteriores, ao Servizo de Montes, emítese informe (núm. 2019_6), especificando as modificacións resultantes, nos termos que no dito informe se describen, **quedando o monte DE RUBIÁS cunha superficie de 74,5 hectáreas** (partindo da superficie que resultou da sentenza do xuízo verbal 241/18). Achégase esbozo da situación actual do monte veciñal afectado.

Examinada a devandita sentenza, o xurado, por unanimidade, acorda dar cumprimento ao establecido nesta, e proceder ás correccións oportunas, coa incorporación do esbozo referido ao expediente de clasificación.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.





CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Carpeta 44/82_2019_6
Modificación do monte veciñal en man común
"Rubiás" (exp. 44/82-14/2016) como
consecuencia de dúas sentenzas xudiciais

Monte: Rubiás Expediente: 44/82-14/2016
Pertenza: C.M.V.M.C. de Rubiás
Superficie previa: 84,60 ha
Superficie final: 74,5 ha
Municipio: Lugo

Escala: 1:12.000

Plano 3: Monte posterior e
superficies excluídas

Lenda: Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89
Parcelas_Avelina_Quiroga_e_outros_sentenza_8_2019
Parcelas_Jose_Sanz_sentenza_262/2018
Monte_posterior

V. e pr.
O xefe do Servizo de Montes

Miguel A. Cela González

Lugo, 1 de abril de 2020

O xefe de área

Santiago Fraga Sáenz